

SERVIZO PATRIMONIO
Exp.21007.240

CONCELLERÍA
DE
PATRIMONIO

CONCELLO
DE VIGO



MEMORIA ECONOMICA: CONTRATO PRIVADO PARA A CONTRATACION DUNHA POLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO EXCMO CONCELLO DE VIGO

1.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN:

a) Prezo do contrato

O prezo máximo do contrato fíxase en **440.000,00.-€** para unha anualidade do contrato. O prezo do contrato non ten IVE, ao estar os contratos de seguros exentos de IVE.

Dito prezo fíxase tendo en conta o informado pola Correduría de seguros, en función da prima anual actual, tendo en conta o nivel de aseguramento existente e a práctica habitual do mercado, considera que se pode conseguir unha concurrencia favorable.

O prezo inclúe todos os custos necesarios para levar a cabo o Servizo obxecto de licitación, gastos xerais 25% e beneficio industrial 6% incluídos no prezo. Non aplica convenio laboral de referencia que determine a subrogación de persoal polo que en consecuencia non é de aplicación a desagregación os custos salariais. Este prezo inclúe a remuneración que polo seu traballo é debida ao mediador do Concello de Vigo.

Dito gasto tramitarase con cargo á aplicación orzamentaria **9200.2240000** do orzamento da Concellería de Patrimonio, ou bolsa de vinculación, o que non afectará a outras partidas do orzamento desta Concellería.

Anualidades	Importe
2022	220.000,00 €
2023	220.000,00 €
TOTAL	440.000,00 €

O pago do contrato (segundo a distribución nesas anualidades) farase do seguinte xeito:

- Ao comenzo da prestación do servizo, o 50% da prima anual.
- No mes de febreiro o 50% restante da prima anual.

b) Valor estimado do contrato é de 440.000,00 euros .

Método de cálculo:
Prezo do contrato (1 ano): 440.000.-€
Prórrogas do contrato: Non procede.
Modificacións do contrato: Non procede



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2022 09:46	Páxina 1 de 2
21007-240	CSV: A5AEA8-EHC73A-3BD832-YT1SB6-ST6525-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO PATRIMONIO
Exp.21007.240

CONCELLERÍA
DE
PATRIMONIO

CONCELLO
DE VIGO



c) Xustificación do prezo.

O prezo fíxase dacordo co informado pola Correduría de Seguros WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A. contratada para a prestación dos servizos de mediación, corredoría e asesoramento profesional na xestión dos riscos desta administración. A teor disto, o prezo do contrato está establecido tendo en conta as diferentes coberturas de contrato de seguro que se solicita, a tipoloxía de seguro a contratar, e está conformado cos prezos de mercado para o tipo de risco.

2.- REVISIÓN DE PREZOS.

O presente contrato non será obxecto de revisión de prezos.

3.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DE QUE CUMPRE OS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA E SOSTENIBILIDADE FINANCIEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DE 7 DE ABRIL

Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo incluídos na aplicación orzamentaria **9200.2240000** da Concellería de Patrimonio " Seguro de responsabilidade civil" ou mediante bolsa de vinculación. O contrato entrará en vigor a partir da firma do contrato.

O gasto proposto, establécese de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo ao cumprimento da esixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro da capacidade de xestión dos créditos previstos no orzamento municipal.

Vigo, data segundo sinatura electrónica.

O Xefe do Servizo de Patrimonio (Luis Rodriguez Cadarso).

Conforme,

A Xefa da Area Xestión Patrimonial e Territorial (Marta Riobó Ibáñez).

O Concelleiro Delegado de Patrimonio (Francisco Javier Pardo Espiñeira)
(Decreto Delegacións 09/05/2022)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/05/2022 09:46	Páxina 2 de 2
21007-240	CSV: A5AEA8-EHC73A-3BD832-YT1SB6-ST6525-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		